




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE  
EOI de Santiago de Compostela



**ari[t]mar**  
galiza e portugal

# **POEMAS 2020 FINALISTAS**

## **GALIZA**

## protocolo

desmonten os marcos e as estruturas históricas que os sustentan  
fagan con eles filigranas retóricas amplificadas mesmo desde as  
tribunas

aventuren un campo léxico apropiado e versátil

esténdano en subcampos

pólas

que contaxien unha convicción de saber

irradien os conceptos en capas delgadas finísimas case transparentes

convoquen as paixóns e os fracasos as emocións máis empáticas

ateiguen a praza no entusiasmo do slogan

coloquen algunha melodía como himno

-a liña rítmica ha ser sinxela o texto tamén mais con esquinas

e algún espazo para versións a varias voces-

desprácense en espiral percórrana entre salóns e cronistas

comprázanse no cálido suxeito que foron moldeando

dean unha volta outra máis ampla

fagan rolda no extensión do radio

arquivoltas dun perímetro aberto aberto aberto

e na conxunción de afectos e verdes horizontes<sup>1</sup>

procédase con medida e cautela

á deglutición

---

1 planos de prados extensísimos

## #love

repetir o quérote con mil grafías  
*classic*  
*modern*  
*typewriter*  
con mil grafías  
como se ninguén o escribise antes

buscar a tentas lubricante na pantalla  
e perverter o tempo  
as mans lixadas que recordarás apenas  
limpas e lixadas

reiniciar o *router*  
e repetir o quérote con mil grafías  
como se ninguén o escribise antes

ou non dicilo nunca  
*#mindset*  
*#selflove*  
*#lifegoals*  
*e eu non direi que te estraño*

agochalo sempre, entón  
con mil grafías

descoñecerte xa  
e mesmo así  
abusar deste talento tan sociópata  
en *classic*  
*modern*  
e *typewriter*

coas mans lixadas  
coas mans limpas e lixadas

(ninguén nos aprendera a construírnos nun exilio).

## CHAMAMENTO OKUPA

trancaron as portas.

deixaron o metálico na eira  
para demostrar que alí xa non quedaba ninguén.

acoutar a casa co somier das noites de insomnio,  
dos partos,  
das doenzas incurables.  
da morte que nunca dorme.

trancaron as portas para que todos souberan  
que a casa estaba baleira  
e que gardaba un tesouro.

*algún día habemos volver por el.*

pero pasou o tempo e ninguén apareceu  
para recuperar aquel tesouro.

pasaron os anos  
e ninguén desconfiou  
que no interior daquel abandono  
houbera nada de valor.

como herdeiro daquela promesa  
fago un chamamento confiado  
a toda esa xente  
que se sentiu desprezada na cidade:  
*ocupade as casas que gardan o segredo  
dun futuro habitable nestas terras.*

a xenerosidade dos seus habitantes  
non se entenderá na cidade.

e seguramente vós tampouco a entenderedes.

porque non somos xenerosos  
por deixarvos habitar as nosas casas.

somos xenerosos por legarvos  
a cambio de futuro  
todo o noso pasado:  
ese tesouro intacto que agocha  
cada unha das casas que vedes baleiras  
neste agonizante  
país do abandono.

## **Agora non se garda nada**

Agora non se garda nada. Traballamos abaneando sobre un arame que soporta corpos cansados entregados á fe no capital. O capital redímenos os domingos, na mesa, con pexegos enlatados. O xarope está prohibida entre semana.

Camiñamos no fío metálico dos nosos propios soños.

Traballouse sempre. A avoa cherokee tirou das bestas desde os cinco anos. Sen cartos propios para mercar unhas medias. Nada de xarope... E cando por fin lle chegou de vella, da man da neta cherokee, preferiu gardalo, “para unha enfermidade”... e nunca o probou.

Ese arame vainos degolando. Esvaramos e o cordel non deixa que caiamos ao baleiro.

Pero vainos esganando.

## **santa lucia (fragmento)**

pola estación suceden / unhas poucas figuras  
silandeiras

é enorme e fría

noutro tempo / os trens chegaban ateigados e to-  
do era / un continuo balbordo

agora / antes do labirinto da cidade / o viaxeiro  
mergúllase nun outro / de liñas rectas

lembra o relato de borges / e sabe que aínda non  
está perdido

\*\*\*\*\*

non hai sensación de abandono  
semella que o edificio / quedou de súpeto / an-  
corado no esquecemento  
como se unha traxedia imprevista / provocase a  
fuxida

unha vez recollidos os restos / abonda un em-  
pregado da limpeza / que percorre a sala detrás  
dunha vasoira / coa convicción / dun conserva-  
dor de museo

dun sacristán

\* \* \* \*

a estación semella / o antigo templo dun deus  
esquecido

algunha vez foi venerada  
unha kaaba para miles de / viaxeiros impenitentes

pero xa non son tempos de turismo

agora o edificio / ancorado na beira da cidade / é  
unha balea náufraga / con memoria

\* \* \* \*

e acubillo

porque é inverno e fóra / os pavimentos están  
húmidos / ou xeados

e as siluetas ocasionais atravesan / as primeiras pon-  
tes / mergullan polas calexas / esvaran na néboa

o viaxeiro abandona o edificio e / ao saír á expla-  
nada / o aire bate no seu rostro

o tempo e a auga danlle ás cousas / unha profun-  
didade nova e á vez / esquecida

\* \* \* \*



as vellas cidades / conservan trazos do pasado /  
na forma dos muros  
pero aquí todo é máis / difuso

do nacemento á metrópole / do espolio á multi-  
tude / dos grandes barcos / ao silencio

nos recantos nas pasaxes nas fiestras clausuradas  
/ a cidade empéñase en permanecer

\* \* \* \*

nunca estivo aquí / pero o viaxeiro percorre o  
seu destino / con determinación e asombro

na cidade deserta / é coma un espírito amábel

o corpo erguío / o impermeábel século vinte / o  
chapeu

desprázase tal e como quereda ver pasar un tran-  
seúnte / se estivese captando a imaxe cunha cá-  
mara de fotos

como se fosen outros tempos

uns que nunca existiron

\* \* \* \*

non é certo

pero o viaxeiro / sempre visita venecia / por primeira vez

Eduardo Estévez, *Arrincando marcos 2020*, Positivas, 2020

## DECIDÍN

Decidín  
ficar branca.

Resolvín deixar atravesado  
cada poro  
da minha absoluta brancura.  
Agora son un plantío  
de albor incuestionado:  
adormezo a melanina  
para que o sol comprenda  
que nunca consentín  
a súa caricia.

Decido  
a cada instante  
ficar branca.

Imparto xustiza  
sobre as minhas respostas  
cunha exactísima escala de urxencia para  
soster  
a erosión:  
área a moerse  
na parede frontal da matriz  
contra o afago da brisa.

Plebiscito coa pel  
e a carne toda  
o dereito a rexer  
o meu non-desexo.

## ODIAS A POESÍA E FAS BEN

Odias a poesía e fas ben.

Non hai nada nela que non haxa  
no pelello dunha marta que desaparece entre as amoras.

Escribinche una mensaxe dicindo que un día  
che había timbrar  
—baixa— sen avisar.

nese momento, o que se agarda de ti é que digas si, claro,  
deixes a vida adulta sen resolver  
e baixes.

Admite que ten certo encanto o hedonismo  
pronunciado de maneira tan retorta.

E eu sei que deveses por vela de preto,  
por ler a noite nos seus ollos sen lúa.

Non hai nada de romanticismo nas martas, todo é puro realismo,  
lánzanse sobre ti á maneira de Courbet, cando se ve sorprendido  
pola súa desesperación.

Coa diferenza de que o movemento delas  
é dirixido polo seu olfacto,

é o fociño o primeiro co que te miran.

Iso é porque  
enseguida o cheiran,  
ese veneno que nos paraliza, algún animais  
enseguida o cheiran.

Podería esa ser a primeira función dun poema  
diluirse como unha insinuación entre os froitos do outono  
e o que se agarda de ti é ...

Porfías. Vale,

talvez sexa que odies a poesía

e está ben.

Nada hai nela que non haxa

na adorable expresión dos mustélidos,

mesmo cativas, son animais curiosos.

Si, esa é unha boa razón para odiar calquera cousa.

Entón, o mellor é que me respondas cunha cara sorrinte

aínda que ti non te rías en absoluto.

O sistema ten eses sinais luminosos que nos recordan

que felices somos, que ben o pasamos,

que liberdade tan grande alcanzamos agora

que non estamos amarradas á palabra.

Porque, que necesidade tes ti de rabuñar nos tobos cegos,

de mudar a pel na dor das silveiras?

Ademais, as martas escriben a traizón

non perciben que sexa violencia

botarse ao pescozo de quen le.

De xente coma nós

apenas deixan o pixama.

Odias a poesía e fas ben.

Todo o que achega son preguntas e total

non hai nela nada que non haxa

na vida salvaxe.

## A METÁFORA DE TAN FINA

a metáfora de tan fina  
cae polos bordos da pel  
é inasumíbel para a beleza  
carga con demasiado peso  
obrigámola a soste o poema  
cos seus nervios quistes  
e outras feridas

o intento de transcribir a materia  
daquilo que rompe  
ou a propia substancia do tempo  
atrapa o escrito nunha especie de espiral

escorregar por ela trae á memoria  
o que nos intimida  
descendemos ata o núcleo  
para capturar esa expresión idónea

pero a metáfora cae cae cae

Rosa Enríquez, *Vacastras*, Urutau, 2020

## A REFLEXIÓN

Detrás do espello  
todas eramos a mesma muller,  
núa,  
interrogativa,  
reclamándolle respostas  
á realidade.  
Ninguén vai chamar por nós?  
Ninguén —silencio —.  
Porque sodes a mesma muller sen rostro,  
sen nome.  
E se nos creamos?  
Que cada unha  
se debuxe da forma que queira.  
E foi así como demos a luz  
os nosos lenzos,  
soñando pincel,  
imaxinando cores,  
a grande escala.  
Foi así como  
comezamos a parirnos...  
Ata nacer  
entre os marcos ceibes  
da fantasía feminina.  
Así hoxe vexo,  
nos seus ollos,  
que o teu retrato  
son eu.

## DIXECHES

DIXECHES: vén a noite  
e eu non teño que facer na casa.

Irei do teu luar  
ao teu baleiro,  
tránsito azul  
por entre a néboa  
dos teus ollos cegos.  
Percorrerei o val da luz  
aberto á espuma,  
os bosques de canción  
e de sombra,  
o río teu  
sosegado de veas e palabras  
e non me perderei,  
porque nacín das túas raizames húmidas  
do silencio feliz  
na flor dos días,  
na sorte de ter sido de ti.